



Concello de Outeiro de Rei

SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 29 DE DECEMBRO DE 2021

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e dez minutos do día vintenove de decembro de dous mil vinteún, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D^a Pilar Méndez Lombao; D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García; D^a María José Martínez Vigo; D. Luis Varela Pérez; D^a Tania Díaz Seijas; D. Xosé Ferreiro Fernández; D^a Rita Castedo Meilán; D^a Elvira Lombao Meilán e D^a María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

A concelleira dona Begoña Seco Varela incorpórase no punto cuarto da orde do día.

O Alcalde excusa a asistencia de José Yebra Amorín.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2021

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta correspondente á sesión celebrada o día 29 de outubro de 2021.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2-APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2020

O alcalde propón a aprobación da conta xeral do exercizo 2020, conta que foi ditaminada favorablemente na comisión especial de contas e informada pola Interventora municipal.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación da conta.





Concello de Outeiro de Rei

Realizada a votación, a conta resulta aprobada con sete votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e catro abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos do BNG e máis do PsdG-PSOE.

3.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE EMERXENCIA ANTE SITUACIÓNS DE SECA

O Alcalde defende a seguinte proposta de resolución:

APROBACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA E DE XESTIÓN DO RISCO DE SECA DE OUTEIRO DE REI

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, EXPOÑO:

Este Plan de Emerxencias constitúe unha ferramenta que complementará á planificación estatal e autonómica na materia, a unha escala máis centrada no territorio municipal de Outeiro de Rei, co obxectivo xeral de minimizar os efectos negativos ambientais, económicos e sociais que se poidan producir nun escenario eventual de seca.

Este obxectivo xeral perséguese a través dos seguintes obxectivos específicos, sempre no marco dun desenvolvemento sostible:

- Garantir a dispoñibilidade de auga requirida para asegurar a saúde e a vida da poboación.*
- Evitar ou minimizar os efectos negativos da seca sobre o estado das masas de auga, de modo que as situacións de deterioro temporal das masas ou de caudais ecolóxicos mínimos menos esixentes estean asociadas exclusivamente a situacións naturais de seca prolongada.*
- Minimizar os efectos negativos sobre as actividades económicas, segundo a priorización dos usos establecidos na lexislación de augas e nos plans hidrolóxicos.*

Coa finalidade de afrontar ditos obxectivos, o Plan municipal de emerxencia e xestión do risco de seca contempla:

- a) Unha descrición e un diagnóstico dos sistemas de abastecemento, con indicación dos recursos dispoñibles, as áreas de captación e as demandas de auga.*





Concello de Outeiro de Rei

b) *A determinación das zonas máis vulnerables en caso de seca e dos usos da auga máis relevantes desde o punto de vista económico e social, coa identificación da poboación, dos condicionantes ambientais ou dos principais elementos do patrimonio natural e das actividades estratéxicas que se poderían ver afectadas.*

c) *Un sistema de indicadores e escenarios coherente co recollido no correspondente plan de seca da súa demarcación hidrográfica.*

d) *As medidas de xestión que se adoptarán en cada un dos distintos escenarios incluídos.*

e) *A previsión dunha subministración alternativa ante situacións de escaseza conxuntural, razoable e proporcional ás concretas circunstancias que potencialmente se poidan producir nestas situacións, e á súa duración.*

f) *As actuacións que se considere necesario executar para garantir o abastecemento á poboación durante un episodio de seca, incluídas as obras de captación e condución que sexan precisas.*

A formulación do Plan foi contratada a PROYESTEGAL, e, unha vez supervisado polos servizos técnicos municipais e de conformidade do disposto no artigo 33 da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, e logo da finalización do trámite de información pública sen que se presentara alegación ou suxerencia algunha, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro – Aprobar definitivamente o “Plan de emerxencia ante situacións de seca no Concello de Outeiro de Rei”.

O Alcalde informa que a redacción de este plan foi financiado pola Xunta de Galicia e que, se ben é moi improbable que se de unha situación de desabastecemento no concello debido á extensión da rede de abastecemento e ao feito de que a captación realízase directamente do río Ladra, convén dispor de este instrumento.

O concelleiro do BNG advirte que o Plan esconde algunha sorpresa coma que se prevé que o Alcalde, de xeito arbitrario e nunha situación de seca, poida incrementar o prezo da auga. Considerando que fai pouco o BNG votou a favor de unha ordenanza fiscal de taxas por xestión da biomasa que, pouco despois, foi utilizada de xeito abusivo e inxusto polo Concello, esta vez non poden ser tan inxenuos e pretender que o Concello actuará de boa fe, polo que se o porán á posibilidade de que o Alcalde incremente o prezo da auga de forma arbitraria.





Concello de Outeiro de Rei

O Alcalde responde que iso non é así, xa que o Alcalde non pode subir as taxas, de forma arbitraria ou non, xa que a competencia corresponde en exclusiva ao Pleno da Corporación.

E en alusión á taxa por xestión da biomasa, recórdalle que os veciños non teñen porqué financiar os custes de xestión que se derivan do incumprimento duns poucos, e recórdalle que o BNG votou a favor da taxa. O Concello cada tramita máis de un cento de expedientes, e se ben uns son moi sinxelos, outros complícanse moito e esixen moito tempo e medios, polo que en su conxunto, a taxa de 100 euros non é suficiente para cubrir os custes que se xeran ao Concello polos incumprimentos.

E recorda que a Lei que prohibe plantar piñeiros ou eucaliptos a carón das casas data de 2007, e dende entón deu tempo a l e cortar. E esta situación de risco para as persoas debe conlevar, como mínimo, unha sanción por incumprimento. Nos non impoñemos sancións, pero sí que repercutimos os custes de xestión que xeran os incumpridores.

Este ano a Xunta de Galicia cursou varias denuncias masivas que atinxen a varios núcleos rurais, e o Concello, como esixe a Lei, iniciou os correspondentes expedientes de xestión da biomasa.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación definitiva do plan de emerxencia en situación de seca.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con sete votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular; tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG, e unha abstención, pertencente á concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE.

4.- CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN POTESTATIVA POR RAZÓN DE FOMENTO DO EMPREGO A DESTINOS DE GALICIA S.L.

O Alcalde inicia o debate defendendo a seguinte proposta de resolución:

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Con data de 17 de decembro de 2021, dona Gloria Margarita Trigo Mayor, en representación de DESTINOS DE GALICIA S.L., con NIF B06785711, presentó no rexistro





Concello de Outeiro de Rei

xeral solicitude de aplicación da bonificación correspondente ao IBI; ICIO e da taxa por expedición de licencias urbanísticas de actividade, de primeira utilización e de realización de actividades administrativas de control para a execución do proxecto de *rehabilitación de edificacións existentes en el casco histórico de Outeiro de Rei, a fin de ser destinadas a hotel apartamento y local de actividades complementarias.*

Xunta a súa solicitude memoria da actividade a desenvolver, así coma compromiso de creación de dous postos de traballo: unha por conta allea e outro en réxime de autónomo.

A rehabilitación do entorno histórico da Vila de Outeiro de Rei ten unha incidencia innegable sobor os intereses xerais do concello, xa que permite por en valor e revitalizar un conxunto de innegable valor cultural (camiño xa iniciado coa rehabilitación da casa de Manuel María ou a creación do centro de día), o que, a súa vez, permitirá incrementar o atractivo turístico do concello coa conseguinte creación de riqueza e de emprego.

Polo tanto, o proxecto trascende da súa dimensión individual, e proxéctase sobor unha morea de intereses e políticas públicas que convén apoiar.

Por tal motivo, considérase que reúne os requisitos establecidos no TRLHL para a bonificación fiscal do proxecto.

En efecto, o artigo 103 do TRLHL dispón:

2. Las ordenanzas fiscales podrán regular las siguientes bonificaciones sobre la cuota del impuesto:

a) Una bonificación de hasta el 95 por ciento a favor de las construcciones, instalaciones u obras que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo que justifiquen tal declaración. Corresponderá dicha declaración al Pleno de la Corporación y se acordará, previa solicitud del sujeto pasivo, por voto favorable de la mayoría simple de sus miembros.

Asemade, o artigo 74 do TRLHL prevé:

2 quáter. Los ayuntamientos mediante ordenanza podrán regular una bonificación de hasta el 95 por ciento de la cuota íntegra del impuesto a favor de inmuebles en los que se desarrollen actividades económicas que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo que justifiquen tal declaración. Corresponderá dicha declaración al Pleno de la Corporación y se





Concello de Outeiro de Rei

acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple de sus membros.

O Pleno deste Concello, *en sesión ordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2017, acordou a aprobación provisional da modificación das Ordenanzas fiscais reguladoras do Imposto de Bens Inmóbles de Natureza Urbán, Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, Imposto de Actividades Económicas, e Taxa por expedición de licenzas urbanísticas de actividade, primeira utilización e realización de actividades administrativas de control.*

Segundo a redacción dada por dita modificación, o artigo 3 da ordenanza reguladora do IBI dispón:

2º.- Establécese unha bonificación da cota íntegra do imposto a favor de inmóbles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que impliquen a creación de novos postos de traballo.

O importe da bonificación será o seguinte:

- Creación de até 5 postos de traballo: bonificación do 50% da cuota.*
- Creación de entre 6 e 20 postos de traballo: bonificación do 75% da cuota.*
- Creación de máis de 20 postos de traballo: bonificación do 95% da cuota.*

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións e se aplicará aos tres exercizos tributarios seguintes a aquel no que se inicie a actividade económica e se produza a creación de emprego. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Asemade, o artigo 3.bis da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de Construcións, Instalacións e Obras acadou a seguinte redacción:

Artigo 3º bis.- Bonificacións tributarias.

Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto para as





Concello de Outeiro de Rei

construcción, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

En relación coa bonificación citada, establécense os seguintes tramos:

-95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.

-75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

-50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

Esta bonificación terá unha vixencia de tres exercizos naturais a contar dende a súa entrada en vigor. Transcurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso de prórroga adoptado polo Pleno da Corporación

Finalmente, a redacción acadada do artigo 2.bis da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de licencias urbanísticas de actividade, de primeira utilización e de realización de actividades administrativas de control, é a seguinte:

Artigo 2º bis.- Supostos de non suxeición.

Establécese a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou licenza de apertura ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo á súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a alguna actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris 3.

Este suposto de non suxeición terá unha vixencia de tres exercizos naturais a contar dende a súa entrada en vigor. Transcurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso de prórroga adoptado polo Pleno da Corporación.

Finalmente, na sesión plenaria de 25 de xuño de 2021, acordouse a prórroga das bonificacións potestativas citadas.





Concello de Outeiro de Rei

Á vista do anterior, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

DECLARAR o proxecto de *rehabilitación de edificacións existentes en el casco histórico de Outeiro de Rei*, a fin de ser destinadas a hotel apartamento y local de actividades complementarias de especial interés o utilidade municipal por concurrir circunstancias culturais, e de fomento del empleo, aos efectos do disposto no artigo 74 e 103 TLLHL, así coma nas ordenanzas Ordenanzas fiscais reguladoras do Imposto de Bens Inmóbles de Natureza Urbán, Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, Imposto de Actividades Económicas, e Taxa por expedición de licenzas urbanísticas de actividade, primeira utilización e realización de actividades administrativas de control”.

Toma a palabra a concelleira do PSdG-PSOE, quen destaca que esta solicitude se presenta pola representante da empresa que, a súa vez é a arquitecta municipal. E pregúntase: Cántas empresas se beneficiaron previamente de esta bonificación?, xa que todas as iniciativas empresariais xeran emprego e teñen efectos beneficiosos para os intereses xerais do concello. Cántas empresas hai que crearon máis de dous postos de traballo? Se beneficiaron de esta bonificación?.

Propón que se aprobe unha ordenanza na que se detaxe con concreción qué se entende por empresa de especial interese, qué documentación deben aportar e cuántos postos de traballo teñen que crear e durante cómo tempo, xa que de non seren así estamos a abrir a veda para que toda empresa asentada no concello poida beneficiarse do mesmo xeito que DESTINOS DE GALICIA S.L.

Pode ser legal, pero é ético beneficiar a unha soa empresa?.

A concelleira do BNG ratifica o dito pola concelleira do grupo municipal do BNG, e pide que, dos dous postos de traballo a crear, a lo menos un deles sexa para un veciño/a de Outeiro de Rei.

Tamén pide que non se empregue na argumentación da bonificación a Casa Museo de Manuel María, e máxime cando o Concello lle debe o IBI de tres anos, polo que solicita que se lle devolva canto antes, xa que están exentos por seren unha fundación.

Neste intre incorpórase a concelleira Begoña Seco Varela.

O Alcalde recorda que a esta proposta a preceden dous acordos plenarios, un do ano 2017 cando se aprobou a modificación das ordenanzas fiscais para establecer estas bonificacións





Concello de Outeiro de Rei

potestativas, e un segundo fai uns meses para prorrogar a vixencia da bonificación. Polo tanto, o Pleno do Concello pronunciouse reiteradamente sobre a aplicación de estas exencións, motivo polo cal levar a cabo a concesión mediante acordo plenario é reiterativo.

Tamén informa que calquer empresa que queira instalarse neste concello e esté en condicións de xerar emprego pode acollerse a esta bonificación e, se logo non crea os postos comprometidas, terá que reembolsar a bonificación.

Ogallá foran moitas as empresas que se quixeran implantar no concello e se acolleran a esta bonificación, pero lamentablemente, coa situación económica actual non é moi probable.

No que atinxe á esixir que as persoas a contratar sexan de Outeiro de Rei, a lexislación non o permite, afirmación que ratifica no acto o Secretario do Concello.

En relación á casa de Manuel María, cando se estableceu non se había aprobado a regulación da bonificación, motivo polo cal non se lle puido outorgar.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e catro votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos do BNG e máis do PsdG-PSOE.

5.- MOCIÓN RELATIVA Á CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO E NATURAL RELACIONADO COA CHAMADA “CASA DO MAIORDOMO”

Toma a palabra a concelleira do grupo municipal do BNG, dona Elvira Lombao Vila, que asume a defensa da moción do seguinte teor literal:

“Rita Castedo Melan, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiras e concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte: MOCIÓN RELATIVA Á CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO E NATURAL RELACIONADO COA CHAMADA “CASA DO MAIORDOMO”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS O concello de Outeiro de Rei posúe un relevante patrimonio natural, arqueolóxico, etnográfico e histórico. Todos e cada un dos elementos que





Concello de Outeiro de Rei

conforman o citado patrimonio constitúen un activo de grande importancia que fai precisa a urxente elaboración dun proxecto normativo encamiñado á catalogación e conservación do mesmo. Unha norma que o Partido Popular rexeita sistematicamente e que, de estar aprobada, con seguridade tería evitado a desfeita de numerosos elementos patrimoniais existentes no concello os cales a día de hoxe desafortunadamente están perdidos para sempre.

Tendo en conta esta dinámica xeral de desidia e desinterese, que neste eido observa o goberno municipal do PP, o grupo municipal do BNG presenta ao pleno a seguinte proposta de actuación:

- Existe preocupación entre as persoas veciñas da parroquia de San Pedro de Taboi pola conservación do patrimonio etnográfico e natural relacionado coa chamada “Casa do Maiordomo” a cal, segundo parece, ficará en mans da Administración como consecuencia do proceso transmisións patrimoniais legalmente establecido.

- O lugar e casa mencionados están emprazados no inicio do roteiro do río Miño onde se conservan interesantes conxuntos de carballeiras e hábitat de bosque de ribeira con exemplares de carballos centenarios, algún deles recentemente desaparecido sen que ningún responsábel adoptara medidas ao respecto.

- No aspecto etnográfico, existe a chamada “Ínsua do Maiordomo” situada na propia canle do río Miño. Neste enclave observamos unha construción de extraordinario interese que consta dunha portada de acceso xunto con unha pontella que atravesa a canle dunha parte do mencionado río. Esta construción única estaba destinada a facilitar o paso ao terreo da citada insua, especialmente en tempo de crecentes, e presenta un estado de conservación moi deteriorado.

Por todo isto, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG e dende unha total responsabilidade o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que o concello de Outeiro de Rei efectúe, ante as administración competentes, as actuacións necesarias para a conservación dos elementos patrimoniais existentes no lugar e vivenda da chamada “Casa do Maiordomo”, parroquia de San Pedro de Taboi.

2. Tales actuacións prestarán especial atención á protección medioambiental dos hábitats existentes no circundo correspondente á mencionada propiedade os cales fican situados no





Concello de Outeiro de Rei

entorno do roteiro do Miño, que o concello de Outeiro xestiona e conserva ao dispor das persoas que consideren oportuno para utilizar este recurso na realización de actividades de lecer.

3. Así mesmo fará as xestións necesarias para a conservación da Pontella da Ínsua do Maiordomo á procura da súa recuperación e posta en valor. Para isto procurará a colaboración das administracións que posúen competencias no eido que falamos tales como a Xunta de Galiza e mesmo a Confederación Hidrográfica tendo en conta a singularidade da construción apuntada e a grave situación de deterioro que presenta na actualidade”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra a voceira do grupo municipal socialista, quen anuncia que apoiará a moción presentada, xa que é responsabilidade do concello o promover a conservación do patrimonio cultural do termo municipal.

O Alcalde afirma que, de seren tan terrible coma din no eido cultura e ambiental, non se entende que o Concello acabara de recibir a bandeira verde de Galicia, distintivo que unicamente acadaron nove concellos na Comunidade autónoma. Polo tanto, fronte á demagogia, o mellor é expor os feitos.

Anuncia que non apoiarán a moción, xa que esta propiedade acaba de incorporarse ao patrimonio da Xunta de Galicia e terá que ser esa Administración a que terá que estudar cál será a tipoloxía de intervención para a súa conservación. Por outra banda, non soamente ten que ser a Administración quen asuma os custes de conservación, xa que pode implicarse ao sector privado na súa posta en valor.

A voceira do BNG resposta que a moción se dirixe ao equipo de goberno xa que é o concello quen ten a responsabilidade na protección do entorno etnográfico e cultural, e se ben alédase sinceramente de que o concello acadara a bandeira verde, recorda que o patrimonio cultural e etnográfico tamén forma parte da contorna ambiental.

O Alcalde resposta que o equipo de goberno ten que asignar os recursos públicos seguindo criterios de prioridade, xa que os recursos son moi limitados, e este inmoible non é dos que teñen unha meirande relevancia cultural do concello, non considera que a súa rehabilitación sexa prioritaria sobor a prestación de determinados servizos. Esta actuación podería afrontarse si o Goberno da Nación asignase parte dos recursos europeos de recuperación aos concellos, pero non ten moita esperanza de que esto sexa así.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de resolución.





Concello de Outeiro de Rei

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e catro votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos do BNG e máis do PsdG-PSOE.

6- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCIZO 2020

O Secretario da conta da liquidación do exercizo 2020, cuxa copia foi remitida aos concelleiros por correo electrónico.

7.- PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADAS

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, do seguinte escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG:

“Rita Castedo Meilán, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiras e concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

PREGUNTA REFERIDA ÁS POSIBILIDADE DE EXTENSIÓN DA FIBRA ÓPTICA Á TOTALIDADE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: No concello de Outeiro de Rei existe unha forte dispersión da poboación así como unhas evidentes dificultades para que as veciñas poidan acceder á conexión ás redes dixitais. Para intentar paliar esas situacións, dende o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital impulsouse un Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a cohesión Unico-Banda Ancha, que está destinado ás chamadas zonas brancas ou que non dispoñan de polo menos 30 megabits por segundo.

Dado que unha boa parte do concello de Outeiro de Rei estaría nesta situación, dende o Grupo Municipal do BNG facemos ante o Pleno as seguintes preguntas:

- Cales son os plans de extensión a rede de fibra no ano vindeiro e posteriores. - De habelos, cales foron os criterios seguidos para elaboralos e se hai capacidade de modificación para que poidan abranguer unha maior extensión e desa forma poidan incluír a todas as persoas e empresas existentes no concello





Concello de Outeiro de Rei

- Que posibilidades hai de captación de fondos públicos para a colocación da fibra neste concello”

O Alcalde responde que o número de zoas brancas neste concello é moi alto (563), que afectan a 1894 vivendas.

Ante a inacción do Ministerio e a súa incapacidade para garantir o acceso a internet en condicións axeitadas a tódolo termo municipal, o Concello tomou a iniciativa e a Xunta de Goberno, o día 4 de marzo de 2021 acordou o despregue de unha infraestrutura compartida de rede de telecomunicacións de fibra óptica.

O día 30 de abril de 2021, outorgou a ADAMO TELECOM IBERICA SAU, autorización de acceso á infraestrutura de uso compartido e o 20 de outubro de 2021, asinouse un contrato con unha empresa para a colocación de entre 140 e 200 postes para o tendido de fibra óptica.

O resultado é que o mes de febreiro de 2022 estarán cableadas en fibra óptica as parroquias de Robra, Guillar, Outeiro de Rei, Silvarrei, Santa Mariña, Cela, Taboi, Folgueira, Matela, Vilela, San Lorenzo, Sobrada, Bonxe, Mosteiro, San Félix de Paz, Caboi, San Claudio e Arcos. Estas parroquias, que abranguen máis do 80% da poboación do Concello, terán acceso a fibra óptica a tódalas casas no primeiro trimestre de 2022.

Por outro lado vai o programa do Ministerio, que vai tarde, mal e arrastras.

Quedan outras oito parroquias, para o que o Concello intentará asinar un convenio coa empresa, a fin de que no ano que ven todo o Concello teña acceso a internet a través de fibra óptica, ao igual que poden acceder ao servizo de augas dende fai máis de vinte anos.

E non habendo máis asuntos e tras desexar a tódolos presentes un feliz novo ano 2022, o Alcalde levanta a sesión, sendo as catorce horas e quince minutos do día expresado no encabezamento, da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto e prace do Alcalde.

O Secretario

VºBº; O Alcalde

